

Proposta de colaboración

unicef 
para cada infancia

DEREITOS DA INFANCIA E A ADOLESCENCIA NO CONTORNO DIXITAL

Unha responsabilidade compartida

01

Medrar na era dixital / 3

02

Impacto das TRIC / 5

03

Un asunto de interese social / 6

04

Que din os datos? / 7

05

Contribucións do novo estudo / 10

06

Produtos do estudo / 11

07

Aspectos técnicos / 12

08

Ámbito xeográfico / 13

09

Metodoloxía / 14

10

Equipo asesor científico / 14

11

Instrumento de recollida de datos / 15

12

Procedemento / 15

13

Privacidade e protección de datos / 15

14

Fases / 16

15

Cronograma / 16

16

Referencias / 17

01

Medrando na era dixital

A tecnoloxía dixital transformou profundamente as nosas vidas. Non hai campo de coñecemento, nin esfera vital na actualidade que non se vexa afectada polo desenvolvemento tecnolóxico, poñendo ao noso alcance infinitas posibilidades a nivel de relacións, de comunicación, entretemento, creatividade e desenvolvemento persoal. Nenos, nenas e adolescentes son usuarios activos da tecnoloxía e consumidores de pleno dereito, dende o uso de aplicacións de ocio, videoxogos, redes sociais, ata modernas plataformas dixitais do ámbito educativo.

Esta interacción coa tecnoloxía require dun enfoque comprensivo para garantir que poden aproveitar as vantaxes do contorno dixital. É fundamental recoñecer e abordar os beneficios e desafíos que implica a tecnoloxía para garantir o seu benestar e un adecuado desenvolvemento na era dixital. Do mesmo modo, é fundamental abordar a situación da relación coa tecnoloxía dende unha postura que garanta os dereitos da infancia de forma integral, para o que é necesario coñecer de forma holística e sistemática o impacto que teñen nas súas vidas.

Se falamos de infancia, teremos que garantir que a súa experiencia dixital non será prexudicial para a súa saúde física e mental, que seremos capaces de contribuír ao desenvolvemento dun contorno protector onde non haberá espazo para ningunha forma de violencia e que poremos ao seu alcance todas as posibilidades para que poidan desenvolverse, participar e mellorar a súa comprensión do mundo.

Para este reto é para o que pedimos a súa colaboración, para afondar no coñecemento que nos permita **proporcionar aos**

responsables institucionais e á sociedade no seu conxunto datos fiables que axuden a dimensionar o problema e a deseñar as políticas e plans que demanda unha realidade tan dinámica e transversal.

Este proxecto impulsado por UNICEF España, a Universidade de Santiago de Compostela, o Consello Xeneral de Colexios de Enxeñaría Informática e a Entidade Pública Empresarial Red.es, dependente do Ministerio para a Transformación Dixital e a Función Pública, pretende levar a cabo un diagnóstico de base sobre a relación que actualmente os adolescentes manteñen coas TRIC (Tecnoloxías das Relacións, a Información e a Comunicación). **Para isto realizaremos un ambicioso traballo empírico, incluíndo unha fase cualitativa e un estudo cuantitativo, cunha mostra de 100.000 estudantes de ensinanzas non universitarias de entre 10 e 20 anos, xunto a outra de 5.000 docentes.** Este estudo constituirá algúns dos traballos empíricos máis relevantes que se puideron facer ata a data sobre adolescentes e tecnoloxía e achegará unha visión ampla e rigorosa do estado da situación, avalada por organizacións e persoas expertas de prestixio internacional de distintas disciplinas e de alto nivel.

Para logralo é un requisito fundamental **contar coa opinión de nenos, nenas, adolescentes e co compromiso, implicación e colaboración das autoridades e representantes do ámbito educativo, das institucións, as familias e os profesionais de distintas disciplinas**, para comprender o estado de situación e contribuír na procura de solucións que beneficien e potencien o uso equilibrado da tecnoloxía.

100.000

estudantes
en ensinanzas
non
universitarias
de entre
10 e 20 anos

5.000

docentes

01/ Medrar na era dixital

O apoio das Consellerías de Educación permitíranos implicar á comunidade educativa no seu conxunto para un mellor entendemento das interaccións dos mozos coas TRIC. Son un actor clave para garantir que os nenos, nenas e adolescentes de todos os territorios estean representados e se pode contar cunha visión inclusiva, equitativa e dende a perspectiva dos dereitos da infancia no desenvolvemento deste estudo.

Como país comprometido cos dereitos da infancia, é ineludible que tamén os desenvolvamos no ámbito dixital. As solucións que busquemos e o deseño dun novo espazo dixital que contribua á educación, participación, coidado da saúde e desenvolvemento da infancia, require da visión e participación activa das institucións e os organismos encargados da promoción dos dereitos da infancia.

Para a construción dunha sociedade máis xusta e próspera é necesario que nenos, nenas e adolescentes encontren seguridade, posibilidades de aprendizaxe, crecemento e participación social tamén a través da tecnoloxía.



02

Impacto das TRIC

Saúde física

Estilo de vida, sono, alimentación, sobrepeso/obesidade, imaxe corporal.

Saúde mental

Benestar emocional, satisfacción vital, integración social.

Adiccións

Xogo patolóxico/problemático, uso problemático da Internet, adicción a videoxogos.

Desenvolvemento como persoa e integración social

Participación cívica

Toma libre de decisións. Educación en valores, modelo aspiracional. Capacidade de análise crítico e espazos para a participación de nenos e adolescentes.

Identidade de xénero

Funcións cognitivas

Atención, memoria, procesamento de información, desenvolvemento da linguaxe, creatividade.

Socialización

Aprendizaxe

Alfabetización mediática e competencias dixitais, coñecemento dos dereitos da infancia.

Educación afectivo-sexual

Familiar

Escolar e relacional

Acoso e ciberacoso

Conflitividade nos centros educativos.
Tolerancia á frustración, empatía.

RRSS

Novo modelo de relacións, vínculos.

Condutas de risco en liña

Sexting, grooming, dark web, acceso cedo a contidos pornográficos. Sobreexposición da imaxe e contacto con persoas descoñecidas.

Privacidade

Saúde

Participación e liberdade de expresión

Educación

Convivencia

Protección

03

Un asunto de interese social

O uso da tecnoloxía e das pantallas constitúe uns dos asuntos de maior interese para as administracións, profesionais e investigadores no ámbito da saúde, a educación e a convivencia, así como a nivel normativo e regulador.

A Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024 (Plan Nacional sobre Drogas 2019) do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social xa expón entre os seus obxectivos estratéxicos algúns relacionados coas chamadas adicións sen substancia, como, por exemplo:

- promover unha conciencia social de riscos,
- aumentar a percepción do risco asociado ao consumo e a determinadas condutas aditivas,
- contar coa participación cidadán a este propósito e
- promover condutas e hábitos de vida e uso saudables das novas tecnoloxías e alternativas de ocio saudables.

A nivel político e social, entidades da sociedade civil desenvolveron unha proposta de **Pacto de Estado para protexer aos menores no contorno dixital**, cunha serie de medidas que permitan avanzar nun marco de consenso.

Do mesmo xeito, a Estratexia Estatal de Dereitos da Infancia e Adolescencia de España inclúe medidas para protexer aos nenos no contorno dixital. Isto lograríase mediante o desenvolvemento de programas

de educación dixital para fomentar o uso seguro e responsable da tecnoloxía, así como a promoción da participación activa dos nenos, nenas e adolescentes na toma de decisións sobre a súa seguridade na rede. A Estratexia tamén contempla a creación de ferramentas e recursos para axudar a familias e educadores a supervisar e guiar no uso da tecnoloxía, así como a colaboración co sector privado para garantir a súa protección.

Dende un **punto de vista xurídico** constatouse tamén a aparición de novas formas de violencia, como é o caso da **sextorsión**, o **ciberbullying** ou o **grooming**, que tanta preocupación social están a causar, así como as webs de apostas, os xogos de azar e videoxogos en liña que poden resultar pouco adecuados para nenos, nenas e adolescentes.

Por outra parte, o **acceso ilimitado a toda a diversidade e complexidade de contidos** dispoñibles, sen o acompañamento e educación necesarios, pode contribuír o aumento de certas actitudes intolerantes nos contornos dixitais.

Tamén nos últimos anos, xurdiron clínicas, centros especializados e programas de prevención e intervención específicos que buscan reeducar para un uso saudable da Internet e paliar os efectos negativos desta problemática.

A Estratexia

contempla a creación de ferramentas e recursos para axudar a familias e educadores a supervisar e guiar o uso da tecnoloxía



04

Que din os datos?

Presenza das pantallas dende idades temperás

Segundo o estudo de UNICEF España 2021 (Andrade *et al.*, 2021)...

- A idade media á que o teléfono móbil chega á vida dun neno no noso país sitúase nos 10,96 anos.
- Aproximadamente 6 de cada 10 (59,1%) dos estudantes españois de ESO levan o móbil todos ou case todos os días á clase e máis da metade (58,4%) adoita durmir con el na súa habitación.
- O 97,7% dos adolescentes españois de 12-13 anos está rexistrado nalgunha rede social (o 78,8% en tres ou máis), a pesar de que a idade mínima requirida no noso país para iso é de 14 anos.
- Case 1 de cada 3 (31,6%) pasa máis de 5 horas diarias conectado á Internet un día de semana normal, cifra que ascende ao 49,6% durante a fin de semana.
- Sen lugar a dúbidas, a tecnoloxía ocupa un lugar preminente na vida de nenas, nenos e adolescentes, afectando as súas rutinas, a súa saúde e as súas relacións.

O 98%

dos adolescentes españois de 12-13 anos están rexistrados nalgunha rede social

Condutas de risco en liña

- Segundo o estudo *EU Kids Online IV* (Smahel *et al.*, 2020), en España o 9% das e dos adolescentes de entre 12 e 16 anos recoñecía enviar mensaxes sexuais (conversacións, fotos ou vídeos) no último ano (*sexting* activo), á vez que o 30% informaba recibilos (*sexting* pasivo). O 39% contactarían a través da Internet con alguén que non coñecían persoalmente, cifra que duplicaba a porcentaxe obtida no estudo *EU Kids Online II* unha década atrás (21%) (Garmendia *et al.*, 2011). Segundo este mesmo estudo, o 22% acudiría a unha cita con alguén que coñeceu a través da Internet, dato moi superior ao 9% atopado en 2011.
- O contacto con descoñecidos a través da Internet, redes sociais ou videoxogos en liña é unha práctica relativamente común entre as e os adolescentes. O 57,2% dos estudantes de ESO recoñece aceptar a descoñecidos nunha rede social e o 21,5% chegar a quedar en persoa con xente que coñeceu exclusivamente a través da Rede. Todo iso constitúe un preocupante caldo de cultivo para o *Grooming*.
- 1 de cada 10 adolescentes recibiu unha proposición sexual por parte dun adulto a través da Internet.

O estudo de Unicef España 2021 constata a progresión de todas estas cifras:

- As taxas de *sexting* en estudantes españois de ESO van desde o 13,8% (*sexting* activo), ao 42% (*sexting* pasivo), situándose no 11,4% a porcentaxe de adolescentes que afirma sufrir presións ou intentos de chantaxe ou sextorsión. Aínda que o *sexting* é practicado por ambos xéneros, as presións sófrenas xeralmente elas. En 3º e 4º de ESO as taxas de sexting duplícanse.



04/ Que din os datos?

Impacto sobre a saúde física e mental

Segundo o estudo da Fundación Barrié (2022)...

- A porcentaxe de adolescentes que durme 5 horas duplícase entre aqueles que desenvolven un Uso Problemático da Internet-UPI- (6,5% vs. 13,9%) e as taxas de obesidade triplicanse (3% vs. 1%).
- As e os adolescentes con UPI mostran 3 a 4 veces maiores niveis de depresión e ideación suicida, menor benestar emocional e menor satisfacción coa vida.
- Os resultados coinciden cos recollidos no estudo de UNICEF España 2021 e os advertidos en traballos como os de Machimbarrena *et al.* (2019) ou Ortuño *et al.* (2022). Traballos como o de Miller *et al.* (2023) advirten ademais que un uso frecuente e intensivo das pantallas pode ter consecuencias a nivel funcional no cerebro adolescente.
- Recentes traballos de relevancia internacional (Montag *et al.*, 2024) advirten tamén dos serios correlatos a nivel de saúde e convivencia que pode derivarse dun mal uso da tecnoloxía, pero insisten na necesidade de non considerala como un elemento necesariamente negativo.

Novas formas de adicción

- Crecen as chamadas adiccións sen substancia: o Xogo Patolóxico ou *Gambling Disorder* que afecta xa ao 4,7% dos adolescentes españois segundo a última edición da Enquisa ESTUDES (Observatorio Español das Drogas e as Adiccións, 2022). O Trastorno por Uso de Videoxogos ou *Gaming Disorder* afecta, pola súa banda, ao 5,1% e o Uso Problemático ou Compulsivo da Internet, ao 20,5%.
- Este novo tipo de adiccións constitúe xa un serio Problema de Saúde Pública que require un maior esforzo a nivel de detección e intervención precoz. Calquera conduta potencialmente adictiva que se inicia na adolescencia ten 3 ou 4 veces maior probabilidade de converterse nunha adición a medio prazo.

Impacto a nivel de convivencia familiar e escolar

- O estudo de UNICEF tamén indica que as pantallas convertéronse na principal fonte de conflitos polo menos en 1 de cada 5 fogares españois. A taxa de adolescentes que chegan a agredir aos seus pais é 6 veces maior entre aqueles que presentan unha adición aos videoxogos (Fundación Barrié, 2022).
- O UPI asóciase tamén a maiores taxas de *Bullying* e de *Cyberbullying* (Feijóo *et al.*, 2021) e o consumo de videoxogos PEGI18 (con violencia explícita) implica duplicar a taxa de agresores (Rial *et al.*, 2024). Constatáronse tamén menores niveis de tolerancia á frustración e unha maior desconexión da empatía.



04/ Que din os datos?

Acceso temperán á pornografía

- Segundo os estudos de Durán *et al.* (2022) ao redor do 90% dos adolescentes de entre 13 e 18 anos consumiron pornografía algunha vez na súa vida, cifra que supón un incremento do 20% respecto a 2018.
- O primeiro contacto co porno prodúcese ao redor dos 11 anos (10,89 en mozas e 10,93 en mozos) e normalízase ao redor dos 13.
- O 72% da pornografía consumida habitualmente polos adolescentes está etiquetada como “*hardcore*” (con sexo explícito e diferentes formas de violencia) e o 45% accederon a páxinas pornográficas de maneira fortuíta.
- O consumo de pornografía a estas idades contribúe a normalizar actitudes e condutas sexistas, tanto entre os mozos como entre as mozas (Ballester, 2023), situándose na base de novas e tentadoras formas de prostitución para mozas adolescentes (Villena *et al.*, 2024).
- Todos estes datos, unidos á evidencia recollida noutros traballos realizados en España por Save The Children (2020) ou FAD (Gómez *et al.*, 2023) levan a fixar a pornografía como unha área de traballo prioritaria.

Só o
13,2%
dos
proxenitores
limita os
contidos aos
que acceden
os seus fillos
na Rede

Tamén é o que deixa de facer

- Comparativamente, entre os adolescentes con UPI a porcentaxe dos que fan deporte no seu tempo de ocio é un 10% inferior e o de lectores máis dun 15% (UNICEF España, 2021).

Papel das familias e necesidade de dar exemplo

- A pesar da preocupación actual, só o 13,2% dos proxenitores limita os contidos aos que acceden os seus fillos na Rede, o 23,94% as horas de uso e o 29,1% pon algún tipo de normas (UNICEF España, 2021). Con todo, o 36,8% dos pais costuma utilizar o móbil durante as comidas familiares, sendo os fillos destes os que presentan significativamente máis condutas de risco en liña e problemas de adicción ás pantallas.




05

Aportacións do novo estudo


01

Dende un enfoque **integral**, os datos permitirán desenvolver un **labor de prevención**, coñecer as tendencias de uso e consumo da Internet, videoxogos e redes sociais e contribuír no deseño das políticas adecuadas a esta realidade.



02


Atenderase a demanda social de **comprensión da dimensión dos novos retos, os riscos e problemas derivados do uso continuado e excesivo das tecnoloxías, así como o acceso a certos contidos non aptos para a idade e as súas consecuencias.**



03

Promover unha adecuada hixiene dixital.

Achegaranse datos e análises sobre os factores que desencadean problemas e efectos negativos na saúde mental, nas relacións coa contorna e no desenvolvemento de nenos, nenas e adolescentes.




04

Analizaranse tamén os aspectos relacionados con **competencias e alfabetización dixitais**, expectativas e tendencias na comunidade educativa.



05

Identificaranse factores, **condutas e prácticas que poden favorecer un uso equilibrado** da tecnoloxía e que permitan exercer os dereitos da infancia tamén na contorna dixital.



06

Produtos do estudo

- Un informe global cunha mostra representativa a nivel estatal **de 100.000 nenos, nenas e adolescentes** de idades comprendidas entre os 10-20 anos, acompañada dun estudo cualitativo.
- Un informe específico sobre os datos de cada comunidade autónoma.
- Un informe para cada centro educativo participante cos seus resultados particulares, posto en referencia cos obtidos na súa comunidade autónoma e no conxunto do Estado. Incluiranse tamén pautas e recomendacións concretas, de carácter orientador, para o traballo dos centros.
- Presentación e divulgación dos resultados e recomendacións.

A participación significativa de nenos e adolescentes no deseño dunha contorna dixital que favoreza o exercicio dos seus dereitos é unha oportunidade e unha necesidade.

Necesitamos unha estratexia que inclúa a todos os nenos e nos axude cando nos atopemos en situacións vulnerables, unha estratexia que promova e apoie o noso dereito para participar nas decisións que nos afectan. Porque non debería decidirse sen os nenos nada que se decida para eles. É hora de normalizar a participación dos nenos.

(Conclusións dos nenos no 13.º Foro Europeo sobre os Dereitos do Neno, 2020).

07

Aspectos técnicos

Ámbito:

España.

Universo:

Infinito. Adolescentes con idades comprendidas entre 10 e 20 anos, que estean a cursar 5º e 6º de Primaria, ESO, FP básica / ciclos formativos de grao medio ou Bacharelato en centros públicos, privados ou concertados do conxunto do Estado (Nº aprox.: 4.100.000).

Tipo de mostraxe:

Por conglomerados estratificados, segundo comunidade autónoma, nivel educativo e titularidade do centro. Utilizarase unha afixación de compromiso, cun solo muestral de 1.937 individuos por comunidade/ cidade autónoma, o que permitirá fixar un erro máximo a nivel desagregado do $\pm 2\%$.

Tamaño da mostra:

100.000 adolescentes.

Hipótese peor:

$p=q=0.50$

Nivel de significación:

$\alpha=0.05$

Erro global da mostraxe (para o conxunto de España):

$\pm 0,3\%$

Erro máximo da mostraxe para cada comunidade/cidade autónoma:

$\pm 2\%$



08

Ámbito xeográfico

CCAA	N	n	Centros a contactar
ANDALUCÍA	800.427	14.271	72
ARAGÓN	108.844	3.615	18
ASTURIAS, PRINCIPADO	68.999	3.002	15
BALEARES, ILLAS	97.070	3.431	17
CANARIAS	172.960	4.600	23
CANTABRIA	47.189	2.667	13
CASTELA E LEÓN	175.682	4.645	23
CASTELA-A MANCHA	182.937	4.759	24
CATALUÑA	677.237	12.373	63
COMUNIDADE VALENCIANA	451.977	8.903	44
EXTREMADURA	87.306	3.280	16
GALICIA	197.378	4.977	25
MADRID, COMUNIDADE DE	593.131	11.078	56
MURCIA, REXIÓN DE	152.937	4.290	21
NAVARRA, COMUNIDADE FORAL	58.064	2.831	14
PAÍS VASCO	181.648	4.732	24
RIOXA, A	27.506	2.364	12
CEUTA	9.919	2.090	10
MELILLA	10.057	2.092	10
TOTAL	4.101.268	100.000	500

09

Metodoloxía

Utilizarase unha **estratexia mixta**:

- **A nivel cualitativo** desenvolveranse diferentes grupos focais e entrevistas en profundidade. Contarase coa participación de adolescentes de distintos rangos de idade, nais e pais, así como con profesionais do ámbito socio-sanitario e da educación. Realizaranse entrevistas en profundidade a recoñecidos expertos nacionais e internacionais do ámbito xurídico, tecnolóxico, sanitario, educativo e institucional.
- **A nivel cuantitativo** realizarase unha enquisa entre a poboación adolescente de todo o Estado español. Dada a preocupación suscitada polo aumento dos problemas relacionados co uso das TRIC a idades cada vez máis temperás, o universo obxecto de estudo estará formado por estudantes residentes en España, con idades comprendidas entre os 10 e os 20 anos, que estean a cursar 5.º ou 6.º curso de Primaria, Ensino Secundario Obrigatorio (ESO), Bacharelato ou ciclos formativos de grao medio ou FP básica (N aproximado= 4.100.000; n aproximado= 100.000 individuos).
- De maneira complementaria e con carácter exploratorio, inclúese tamén a realización **dunha enquisa entre o profesorado** de Primaria e Secundaria, cun tamaño de mostra de 5.000 profesionais.

10

Equipo asesor científico

Formado por persoas de prestixio internacional, acreditados investigadores, académicos e profesionais de diferentes ámbitos, desde a tecnoloxía, a educación, a saúde mental, a prevención das adiccións, ao acoso escolar ou o ciberacoso. A súa participación terá especial relevancia en tres momentos concretos:

- (1) a revisión e aprobación do deseño metodolóxico;
- (2) a elaboración do cuestionario e selección de variables e instrumentos de avaliación; e (3) a interpretación dos resultados, axudándonos a calibrar o alcance dos mesmos e a expor accións oportunas.



11

Instrumento de recollida de datos

Cuestionario *ad hoc*, que incluíra preguntas de diferentes estudos de referencia levados a cabo a nivel nacional e internacional (co fin de facilitar a comparabilidade dos datos), xunto a ítems de elaboración propia e escalas de específicas, coas que avaliar o posible impacto do uso da tecnoloxía en diferentes esferas da vida das e dos adolescentes (saúde mental, saúde en xeral, hábitos de vida, convivencia familiar, acoso escolar e ciberacoso etc.). Inclúiranse tamén ferramentas específicas para avaliar

as competencias dixitais, a supervisión e control parental, diferentes condutas de risco en liña e mesmo para o screening de posibles adiccións sen substancia (desde o *Gaming Disorder*, ao *Gambling Disorder* ou o *Problematic Internet Use*). A selección das diferentes escalas levarase a cabo tendo en conta as súas propiedades psicométricas e a evidencia científica que as avala, a súa adecuación ao contexto e target obxecto de estudo e sempre co aval do equipo asesor científico do estudo.

12

Procedemento

Cuestionario en liña elaborado mediante LimeSurvey e implementado nunha plataforma específica da USC, aloxada no Centro de Supercomputación de Galicia. Supervisión técnica e legal por parte do Consello Xeral de Colexios Profesionais de Enxeñería Informática de España, acorde á normativa vixente en materia de protección de datos. O protocolo do estudo conta coa

aprobación do Comité de Ética en Investigación da Universidade de Santiago. A participación no estudo é de carácter totalmente voluntario, tanto para os centros, o profesorado e o alumnado. Todos eles, do mesmo xeito que as familias, serán informados previamente dos obxectivos do mesmo e poderán declinar, no caso de que así o desexen, a súa participación nel.

13

Privacidade e protección de datos

Os datos serán tratados de forma totalmente anónima e confidencial. A cada centro facilitaráselle unha ligazón á plataforma, que terá vixencia unicamente no período temporal asignado. Para facer anónimos os cuestionarios non se utilizará ningunha clave de acceso ou nome de usuario, nin ningún tipo de dato persoal que permita identificar o alumnado. O procedemento utilizado para a xestión de toda a información (recollida, almacenaxe

e análise dos datos), levarase a cabo con todas as garantías legais, respectando a normativa e protocolos vixentes en materia de protección de datos, a nivel estatal e comunitario. En ningún momento se elaborarán táboas ou clasificacións comparativas por centro e comunidade autónoma, nin se fará público ningún tipo de resultado a nivel particular.

14

Fases

Fase 1

- Deseño da investigación e elaboración do cuestionario.
- Fase cualitativa.
- Pilotaxe cuestionario fóra de liña e en liña

Fase 2

Traballo de campo:
Os datos serán recollidos nos propios centros, na súa aula de informática ou biblioteca, en grupos reducidos (15-20 nenos e adolescentes), nos horarios de titoría e de maneira coordinada polo equipo de orientación psicopedagóxica ou a persoa designada polo centro, quen recibirá formación específica.


Fase 3

- Elaboración de informes individuais confidenciais (un para cada centro participante),
- Informe específico para cada comunidade autónoma e un Informe global estatal, e
- Presentación pública dos resultados do informe.

15

Cronograma

Previsión do desenvolvemento do estudo



16

Referencias

- Andrade, B., Guadix, I., Rial, A. y Suárez, F. (2021). *Impacto de la tecnología en la adolescencia. Relaciones, riesgos y oportunidades*. Madrid: UNICEF España.
- Ballester, L. (2023). *Asociación entre el consumo de pornografía y las actitudes y conductas de agresión sexual*. En: *La violencia sexual: sus causas y manifestaciones*. Diaz, A. (coord.). Madrid: Dykinson.
- Duran, M., Milano, V., Ortega, Susana, Aznar, B., Ballester, L. ... (2022). *Estudio sobre pornografía en las Illes Balears: acceso e impacto sobre la adolescencia, derecho internacional y nacional aplicable y soluciones tecnológicas de control y bloqueo*. Institut Balear de la Dona. Universitat de les Illes Balears.
- Feijóo, S., Foodie, M., O'Higgins, J., Pichel, R y Rial, A. (2021). *Cyberbullied, cyberbullies and Problematic Internet Use: some reasonable similarities*. *Psicothema*, 33, 198-205. <https://doi.org/10.7334/psicothema2020.209>
- Fundación Barrié (2022). *Adolescencia, Tecnología, Salud y Convivencia. Un estudio proactivo desde los propios adolescentes*. <https://doi.org/10.13140/RG.2.2.29279.02726>
- Garmendia, M., Garitaonandia, C., Martínez, G. y Casado, M. A. (2011). *Riesgos y seguridad en internet: Los menores españoles en el contexto europeo*. Bilbao: EU Kids Online.
- Gómez, A., Kuric, S. y Sanmartín, A. (2023). *Juventud y pornografía en la era digital: consumo, percepción y efectos*. Madrid: Centro Reina Sofía de FAD Juventud. <https://doi.org/10.5281/zenodo.10144121>.
- Machimbarrena, J.M., González-Cabrera, J., Ortega, J., Beranuy, M., Alvarez-Bardón, A. & Tejero, B. (2019). *Profiles of Problematic Internet Use and Its Impact on Adolescents' Health-Related Quality of Life*. *International Journal of Environmental Research and Public Health*. 16, 3877. <https://doi.org/10.3390/ijerph16203877>.
- Miller, J., Mills, K., Vuoree, M., Orben, M. & Przybylski, A.K. (2023). *Impact of digital screen media activity on functional brain organization in late childhood: Evidence from the ABCD study*. *Cortex*, 169, 290-308. <https://doi.org/10.1016/j.cortex.2023.09.009>
- Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 (2023). *Estrategia Estatal De Derechos de la Infancia y Adolescencia de España*. Madrid: Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030. Secretaría General Técnica. Centro de Publicaciones.
- Montag, C., Demetrovics, Z., Elhai, J.D., Grant, D., Koning, I., Rumpf, H.J. ... (2024). *Problematic social media use in childhood and adolescence*. *Addictive Behaviors*, 153, 10798. <https://doi.org/10.1016/j.addbeh.2024.107980>
- Observatorio Español de las Drogas y las Adicciones (2022). *Informe sobre Adicciones comportamentales 2021*. Delegación del Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas.
- Ortuño-Sierra, J., Lucas-Molina, B., Gutiérrez, A., Solana, R., Pérez-Albéniz, A. & Fonseca-Pedrero, E. (2022). *Suicide behaviour and Problematic Internet Use*. *European Psychiatry*, 65, S69-S70. 10.1192/j.eurpsy.2022.220.
- Plan Nacional sobre Drogas (2018). *Estrategia Nacional sobre Adicciones 2017-2024*. Madrid, España: Delegación del Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas, Ministerio de Sanidad y Consumo.
- Rial-Boubeta, A., Theotonio, Á., Neira-de Paz, A., Braña-Tobío, T. & Varela-Mallou, J. (2024). *Relationship between the consumption of PEGI18 video games with explicit violence, bullying, and cyberbullying*. *Psychology, Society & Education*, 16(1), 10-19. <https://doi.org/10.21071/pse.v16i1.16718>
- Save The Children (2020). *(Des)información sexual: pornografía y adolescencia*.
- Smahel, D., Machackova, H., Mascheroni, G., Dedkova, L., Staksrud, E., Ólafsson, K., Livingstone, S. y Hasebrink, U. (2020). *EU Kids Online 2020: Survey results from 19 countries*. EU Kids Online. <https://doi.org/10.21953/lse.47fdeqj01ofo>
- Villena, A., Brage, L., Santamaria, M. & Gutiérrez, A. (2024). *Pornography consumption as a form of exploitation and digital prostitution of women and girls- A human rights issue*.

Fotografías

Portada | © UNICEF/UN0686465/ /Gilbertson-Highway Child

Página 4 | © UNICEF/UN0728941

Página 6 | Pexels/vanessa-loring-7869451

Página 7 | © UNICEF/UN0826831/Silva

Página 8 | Shutterstock/Stock Photo ID: 2036186264

Página 9 | Pexels/karolina-grabowska-6957250.jpg

Página 12 | © UNICEF España/032_MG_8901

Página 14 | © UNICEF/UN0645404/Moldovan

